

## **CLUB DE MONTAÑISMO "MONTAÑAS DE TREVINCA"**

REUNIDOS en Vilanova de Trevinca, 25, A Veiga, o día 30 de outubro do 2020, os/as socios/as que a continuación se relacionan:

1. Antonio Fernández Pena. **Presidente**
2. Marcos Pérez Rivas. **Secretario**
3. Mónica Rodríguez Fernández. **Tesoureira**
4. Juanjo Lorenzo Veigas. **Vogal de Montaña**
5. Begoña Lozano Cortés (Presente)
6. Jose Alonso Moreira (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
7. Manuel Expósito Ferreiro (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
8. Juan Tojo García (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
9. Eduardo Galovart Alcalá del Olmo (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
10. Enrique Carrera Soto (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)

e unha vez comprobado polo secretario o quórum necesario e totalizando un número de socios/as asistentes de 10, entre presentes e delegados/as, se abre a sesión (en segunda convocatoria) cando son as 20:30 horas, pasándose a desenrolar os seguintes puntos do día enviados con anterioridade na convocatoria desta asemblea:

PREVIO O TRATAMENTO DOS PUNTOS DO DÍA, o presidente explica que esta asemblea estaba preparada para celebrarse o pasado día 15 de marzo, pero debido a pandemia do COVID19, non foi posible celebrala na data indicada polos estatutos.

Tamén se expón que esta asemblea xeral, debido ao motivo anterior, quedou convocada polo Presidente actual na data de convocatoria, prevendo que puidera presidir esta asemblea un novo Presidente ou Presidenta. Non sendo o caso, todo transcorrera con relación a convocatoria enviada.



### **1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Unha vez lida en voz alta a acta da sesión anterior por parte do Presidente, se aproba por unanimidade a Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria, celebrada este mesmo día.

## 2. Aprobación se procede da memoria e balance económico do exercicio do pasado ano 2019

A tesoureira informa e comenta aos presentes sobre as contas da asociación, explicando os ingresos e gastos do ano 2019, que teñen un desfase negativo contable de 645,57 €. Nas contas reais no momento en que se contabilizaron faltaban 16.485,45 € pola falla de cobro dunha subvención da Deputación de Ourense, que a día de hoxe xa está ingresada.


As contas se reflicten nesta acta para que quede constancia das mesmas.

	<u>INGRESOS (con IVA)</u>	<u>GASTOS (con IVA)</u>	<u>DIFERENCIA</u>
			
	Vilanova de Trevinca 31 de diciembre do 2019		
	<b><u>BALANCE DE SITUACIÓN - INGRESOS Y GASTOS - 2019</u></b>		
	<b><u>CLUB DE MONTAÑISMO "MONTAÑAS DE TREVINCA"</u></b>		
	<u>INGRESOS (con IVA)</u>	<u>GASTOS (con IVA)</u>	<u>DIFERENCIA</u>
Ingresos por cursos y actividades	1.992,00 €		
Cuotas Socios	1.359,00 €		
Licencias Federativas	5.049,50 €	5.127,50 €	-78,00 €
Seguros Individuales Actividades	84,00 €	84,00 €	
Material para actividades y cursos			
Charla ornitológica (guías)		47,00 €	
Material montaña invernal		4.369,30 €	
Material seguridad en montaña		1.211,31 €	
Material actividades infantiles		838,53 €	
Gastos y Comisiones bancarias		215,70 €	
Gastos liq.remesas		42,50 €	
IVA trimestral e Impuestos		685,92 €	
Seguro RC y de accidentes		1.410,00 €	
Impresiones, cartelería, etc.		227,31 €	
Correos		23,90 €	
Gestoría		165,20 €	
Pagos responsables actividades y desplazamientos		6.152,38 €	
Edixitos (dominio web)		149,92 €	
Edixitos (plataforma inscripciones online)		484,00 €	
Transporte actividades (bus)		726,00 €	
Cenas organización actividades		490,48 €	
Publicidad calendario club "O Sil"		302,50 €	
Land premium (cartografía)		49,50 €	
Pagos responsable actividades infantiles		2.167,00 €	
<b>TOTALES</b>	<b>8.484,50 €</b>	<b>24.969,95 €</b>	<b>-16.485,45 €</b>
DISPONIBLE EN CUENTA 01-01-2019			765,98 €
DISPONIBLE EN CUENTA 31-12-2019			120,41 €
CAJA EFECTIVO 01-01-2019			0,00 €
CAJA EFECTIVO 10-12-2019			0,00 €
DIFERENCIA NEGATIVA ANUAL			-645,57 €
* Este año 2019, nos fue concedida una subvención de la Diputación de Ourense por un importe de 16,790,07 €, pendiente de cobro para el año 2020			
			 Asdo: <u>Mónica Rodríguez</u> Tesorera

As contas son aprobadas polos presentes por unanimidade.

### 3. Aprobación se procede, do orzamento do presente ano 2020

A Tesoureira da o informe de previsións de ingresos e gastos para este ano 2020. Esta estimación se fixo a primeiros de ano para a asemblea preparada en marzo. Evidentemente as circunstancias actuais modificarán ditas previsións, dada a incertidume de non poder realizar tódalas actividades previstas motivado polas normas sanitarias que existen neste momento.

 <b>Clube de montañismo Montañas de Trevinca</b>	
<b>PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS ANO 2020</b>	
<u>Estimación de ingresos:</u>	
Cotas de socios	1.600,00 €
Actividades	1.350,00 €
Tramitación de licenzas federativas	988,00 €
Seguros individuais por actividades	120,00 €
Subvencións para material de actividades	1.200,00 €
<b>Total</b>	<b>5.258,00 €</b>
<u>Estimación de gastos</u>	
Tramitación de licenzas federativas	988,00 €
Pagos responsables das actividades	1.000,00 €
Seguros de RC	750,00 €
Gastos correntes oficina/fotocopias/etc	250,00 €
Xestoria	225,20 €
Impostos	150,00 €
Comisións bancarias	120,00 €
Dietas e quilometraxes	300,00 €
Material de actividades	1.400,00 €
Dominios, web, etc	150,00 €
Clausura actividades	300,00 €
<b>Total</b>	<b>5.633,20 €</b>

En Vilanova a 5 de xaneiro de 2020

  
Asdo: Mónica Rodríguez  
Tesoureira

Este orzamento se aproba polos presentes por unanimidade.

#### **4. Memoria das actividades do pasado ano 2019**

O presidente informa sobre as actividades realizadas no pasado ano 2019, presentando a memoria entregada a Deputación de Ourense, a cal, coincide coas actividades realizadas.

O presidente tamén informa sobre o número de participantes nas actividades do 2019, e comenta que o número está moi ben, porque a filosofía do club non é ter un número excesivo de actividades senón que as actividades teñan un valor cultural, medioambiental e social, independentemente do deportivo. Traballar calidade e non cantidade.

Dentro da memoria de actividades está incluída a adquisición de material por parte do clube, puntualizando, que este punto é importante para poder realizar no futuro actividades con máis calidade e posibilidade de participantes, ao aportar o clube material que os anotados non teñan ou podan dispor nese momento.

Non hai comentarios ó respecto.

#### **5. Proposta de anulación do seguro de Accidentes**

O Secretario expón, que este ano ao non ter asegurada a subvención por parte da Deputación o seguro de accidentes é un gasto importante para as contas do club. Este gasto se pode evitar facendo que os/as participantes nas actividades que non teña Licenza Federativa abonen o seu propio seguro, contratado a FGM, para non prexudicar as contas do clube. Tódolos/as presentes están de acordo polo tanto, queda aprobado por unanimidade non renovar o seguro de accidentes.

#### **6. Aprobación de solicitude de Subvención á Deputación de Ourense**

Acordase solicitar de novo a subvención a Deputación de Ourense en canto sexa posible, indicando o Secretario que este ano os tres socios/as restantes da xunta directiva, menos el, deben encargarse desta tarefa.

#### **7. Programa de actividades do ano en curso**

O presidente expón o calendario para este ano 2020, indicando de novo que este calendario se pode ver modificado polas actuais circunstancias sanitarias, dado que neste momento é moi difícil facer ningunha predición con respecto a este tema.

Queda aprobado por unanimidade.

## 9. Comunicación do listado de socias/os, altas e baixas

Neste punto o Secretario da conta do listado de socios e socias do club, que neste momento ascende a 127, e comenta as altas e baixas rexistradas nesta pasada anualidade.

Se acepta por unanimidade o listado actual de socios e socias comunicado polo Secretario.

## 10. Rogos e preguntas

Non hai rogos e preguntas.


Non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión cando son as 21:45 horas. O Sr. Presidente firma comigo esta acta, o Secretario, que dou fe.

Secretario



Marcos Pérez Rivas

V° B° Presidente



Antonio Fernández Pena

En Vilanova de Trevinca, a 30 de outubro do 2020.